

Unidade Pastoral de Os Cotos

23/05/2020

Co comezo da fase 2 da desescalada no estado de alarma, e sendo menores as restricións que as que agora temos, pensamos que xa **é o momento para ir normalizando un pouco a nosa vida con respecto ás celebracións, por iso, a partires do próximo fin de semana, 30 e 31 de maio, comezaremos as celebracións litúrxicas dominicais nos templos**, pero tendo en conta as medidas postas polas autoridades sanitarias, xa que os templos deben ser espazos seguros para protexer a saúde das persoas. Por iso:

- Soamente se admite a metade do aforo do templo
- Distancia mínima de 1´5 metros
- Uso de mascarilla obrigatorio para todas as persoas
- Tarefas de desinfección despois de cada celebración se o intervalo entre misas é inferior a 72 horas
- Dispensadores de xeles hidroalcohólicos na entrada e na saída.
- Sinalizar os asentos que se poden utilizar, e notificar o aforo máximo
- Evitar agrupacións en accesos e inmediacións ao templo.

Teñamos en conta tamén, por responsabilidade e coherencia, que:

- A maioría das persoas que asisten aos actos de culto son maiores e de risco, e **os mesmos protocolos sanitarios e consellos da Conferencia Episcopal e diocesanos din que os maiores de 70 anos ou con certas enfermidades se queden nas súas casas.**
- Os nosos templos son pequenos. Ao reducir á súa capacidade á metade e ao ter que respectar as distancias sabemos que **non poderá entrar ninguén máis ao ter completo o seu aforo.** Sentímolo pero hai que cumprir as normas, e gardar as distancias, tendo tamén en conta que, a día de hoxe, tampouco se permite que haxa persoas no exterior do templo.

Respecto das festas este ano, como xa dixemos, non se poderán facer coma nos anos pasados. Non nos involucramos na dimensión civil das festas, aquí só facemos referencia aos aspectos relixiosos. **Intentaremos ver a mellor maneira de poder celebrar unha misa para honrar ao patrón seguindo os mesmos requisitos e normativas que nas celebracións dominicais.**

A día de hoxe, hai moitas máis restricións que afectan a cousas que xiran arredor destes encontros parroquiais e festivos, como por exemplo novenas, procesións, organista, flores, ...

Írase comunicando calquera modificación que se faga preciso aclarar considerando que o máis importante neste momento para todos nós é a saúde e o ben de todas as persoas que formamos parte da Unidade Pastoral de Os Cotos.

No caso de que teña que haber algún enterro farase nas mellores condicións posibles e en diálogo coa familia.

Agradecemos o esforzo e a comprensión de todas as comisións de festas destas nosas parroquias.

Os párrocos, a día 22 de maio do 2020

Unidade Pastoral de Os Cotos

12/05/2020

A Conferencia Episcopal Española e a nosa Diocese de Tui-Vigo deron unhas normas e consellos para poñer en práctica neste tempo da fase 1 da desescalada no estado de alarma.

Despois de afirmar que a apertura dos templos e as celebracións litúrxicas son un acontecemento importante para a comunidade cristiá e a sociedade, como signo de normalización da nosa vida, advirten que temos que ser prudentes e cumprir as indicacións das autoridades sanitarias e *“se se prevé que non se van dar as condicións para garantir os niveis de seguridade sanitaria que se nos esixe, deberanse suprimir as celebracións”*.

Os templos deben ser espazos seguros e con medidas necesarias para protexer a saúde das persoas, e entre elas hai que ter en conta as seguintes condicións postas polas autoridades sanitarias:

- Soamente se admite 1/3 do aforo do templo
- Distancia mínima de separación
- Uso de mascarilla e luvas todas as persoas
- Tarefas de desinfección antes e despois de cada celebración
- Dispensadores de xeles hidroalcohólicos na entrada e na saída.
- Sinalizar os asentos que se poden utilizar.
- Evitar agrupacións en accesos e inmediacións.

A pesares de que o día 11 do mes de maio comezou esta fase 1 do desconfinamento e que xa se poderían abrir as nosas igrexas e ter actos de culto segundo a normativa dada polas autoridades sanitarias, nós, os párrocos, coidamos que a situación aínda non é o suficientemente

clara para comezar na nosa comunidade a facelo con responsabilidade e coherencia para a nosa xente polas seguintes razóns:

- A maioría das persoas que asisten aos actos de culto son maiores e de risco, e os mesmos protocolos sanitarios e consellos da Conferencia Episcopal e diocesanos din que os maiores de 70 anos ou con certas enfermidades se queden nas súas casas.
- Os nosos templos son pequenos e se temos que reducir á súa capacidade ao 30 % nalgúns deles teríamos que dicir a moitas persoas que non poderían entrar e que se volveran para a súa casa (pois na maioría das nosas igrexas, respectando as distancias, entrarían pouco máis de unha ducia de veciños).
- Nós, os párrocos, (como calquera outra persoa que vaia ás parroquias do lado) ao ter que ir de unha parroquia para outra, correríamos o risco de ser portadores, co cal poderíamos ser un punto de contaxio importante, non so para nós mesmos, senón tamén para a propia parroquia, e dende logo, tamén para todas as outras.

Por iso, en principio, e ata primeiros de xuño, seguiremos mantendo os templos cerrados e facendo igrexa na casa. Veremos como se produce a desescalada xeral neste tempo para tomar as decisións que correspondan.

Sen facer comparacións con outras parroquias, consideramos que o máis importante neste momento para todos nós é a saúde e o ben de todas as persoas que formamos parte da Unidade Pastoral de Os Cotos.

No caso de que teña que haber algún enterro farase nas mellores condicións posibles e en diálogo coa familia.

Os párrocos, a día 12 de maio do 2020